

DULCE M^a GARCÍA MELLA, SECRETARIA XERAL DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA,

CERTIFICA, antes da aprobación da acta correspondente, que o Consello de Goberno na sesión ordinaria que tivo lugar o día 21 de marzo de 2024 aprobou o Acordo polo que se recoñece con horas de docencia práctica clínica a colaboración docente de colaboradores e titores clínicos, nos termos do documento adxunto.

E para que así conste, asino a presente certificación en Santiago de Compostela, co V^o e Prace do sr. reitor.

V^o e prace

O reitor

Antonio López Díaz

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015).

Acordo do Consello de Goberno do 21 de marzo de 2024, polo que se recoñece con horas de docencia práctica clínica a colaboración docente dos colaboradores e titores clínicos das Facultades de Medicina e Odontoloxía, de Enfermaría e de Psicoloxía

Ao abeiro do establecido no punto primeiro da disposición adicional primeira dos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela, aprobados polo Decreto 14/2014, do 30 de xaneiro, a USC vén recoñecendo a actividade desenvolvida dos colaboradores docentes e titores clínicos das Facultades de Medicina e Odontoloxía, de Enfermaría e de Psicoloxía cunha acreditación honorífica.

Este recoñecemento, sen embargo, non é suficiente para os efectos da acreditación para figuras de profesorado universitario, dado que non cuantifica en horas a colaboración docente desenvolvida. Tendo en conta que a Universidade dispón de datos das persoas que realizaron a actividade de colaborador/a docente ou titor/a clínico/a desde 2017 e que o labor de titorización clínica non abrangue toda a xornada, estímase conveniente recoñecer 60 horas anuais de docencia práctica clínica ás persoas que foron designadas como colaboradores/as docentes ou titores/as clínicos/as dende esa data.

En consecuencia, o Consello de Goberno, na súa sesión do 21 de marzo de 2024

ACORDA:

PRIMEIRO.- Para os únicos efectos da súa utilización nos procesos de acreditación a figuras de profesorado universitario, a Universidade de Santiago de Compostela expedirá un certificado no que se recoñeza con 60 horas de docencia práctica clínica por curso académico a colaboración docente realizada por aqueles/as colaboradores/as docentes e titores/as clínicos/as que así o soliciten.

SEGUNDO.- Esta certificación poderase expedir para acreditar a colaboración docente realizada a partir do curso 2017-2018.

Sinaturas dixitais / Firmas digitais / Digital signatures

Asinante/Firmante/Signer: ANTONIO LOPEZ DIAZ, REITOR, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 22/03/2024 15:02:33.

Asinante/Firmante/Signer: DULCE MARIA GARCIA MELLA, SECRETARIA XERAL, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 22/03/2024 14:59:04.

CSV: F813-9C25-45CC-81E4